

Letras Galegas

Xosé María Álvarez Blázquez, 2008



X.M. Álvarez Blázquez no barrio vigués do Berbés con -entre outros- C.E. Ferreiro, Néstor Lujan e Álvaro Cunqueiro.



Portada de Poesía galega completa (2008).

Roseira de poeta

O primeiro que chama a atención na obra de Álvarez Blázquez é a asombrosa fluidez coa que muda os motivos dun poema a outro. Sorprende así que, nun período curtísimo de anos, publicase *Poemas de ti e de min* (1949), *Roseira do teu mencer* (1950), *Cancioeiro de Monfero* (1953) e redactase *Canle segredo* (1954) que vería a luz, como ben sabemos, vintedous anos despois, por azares editoriais que non vén ao caso referir. Sorprende a variedade formal dos metros que utiliza e a variedade temática dos asuntos que trata. Deste xeito, conviven nas súas pezas momentos livianos, de lixeireza infantil, case cantigas de berce ou de crianzas con outros máis solemnes e exquisitos, poemas burlescos con outros de fondura elixíaca, composicións iracundas e indignadas con outras de carácter amoroso. Toda unha enorme variedade de rexistros, de tonalidades, na paleta expresiva do noso autor.

No primeiro dos libros, *Poemas de ti e de min*, notamos a nítida pegada de Amado Carballo e do seu hiloísmo campestre, ese gosto neopopular das cantigas agrarias enfiadas nas metáforas personificadoras. Mais tamén o eco do neotrobadorismo dun Cunqueiro ou dun Bouza-Brei: “- Ai, meu amado,/anda o sol a deitarme no prado./- Ai, miña amiga,/il non é, que son eu quen che obriga.”

Xunto a isto, no volume posterior, *Roseira do teu mencer*, estala unha eufórica exaltación da vida compartida cunha filla que enche o corazón do pai completamente. A sinxeleza expresiva mostra unha rara autenticidade que emociona, co-

*De cando o verso
conmove*

ROMÁN RAÑA



X.M. Álvarez Blázquez coa súa muller e fillos (1963).

A poesía de Álvarez Blázquez require lectores sosegados. E tamén atentos. É ben coñecida a anécdota que rodea a publicación de *Canle segredo*, a súa obra cume: escrita e presentada a concurso en 1954, foi editada vintedous anos despois, en 1976. O feito foi dramático, pois nesa data houbo un auténtico aluvión poético que convulsionou o panorama das letras de posguerra e eclipsou a súa fortuna crítica. Pequeno annus mirabilis en que foi clausurado o social-realismo monotemático e rampante dos

imitadores de Celso Emilio e do Manuel María panfletario coa aparición de *Con pólvora e magnolias*, de Méndez Ferrín; *Seragoga*, de Alfonso Pexegueiro; e

cientemente os poemarios anteriores, é hora xa de prestar a necesaria atención crítica á obra do tudense, facelo sen preconceitos e reivindicalo de vez. Por

do, o seu carácter precursor do que logo se daría en chamar a escola dos poetas desarraigados, daqueles que percibiron os males dunha sociedade enferma, duns valores caducos, dun sistema político totalitario que asfixiaba a nosa condición humana. Se a arte é un acto persoal contra o esquecemento, a crítica literaria tamén debe exercer esa tarefa e rescatar do letargo libros como *Canle segredo*, que merecen un alto posto na nosa memoria colectiva e na nosa consideración sentimental.

Canle segredo

Mesteres, de Arcadio López Casanova. Nese contexto convulso a obra de Álvarez Blázquez pasou totalmente inadvertida. Pasados xa moitos anos, e valorados sufi-

un lado, admitir que a súa produción se ve influída profundamente pola estética da época, mais, por outro, sinalar a súa ampla orixinalidade e, sobre to-

Xosé María Álvarez Blázquez, 2008

Día das
Letras Galegas

VÉN DA PÁXINA ANTERIOR

mo cando fala coa xoaniña: “Maruxiña, voa, voa,/que éi che vén o fereiriño/e se estás como unha estoa/vaiche levar pra o seu niño./Que xa me pesa na man/a túa carga levián.”

Se falamos de donaire, de lixeireza volátil, debemos insistir que o *Cancioeiro de Monfero* supón un delicioso xogo creativo, talvez un dos máis singulares casos de imaxinación poética das nosas letras ao transcribir poemas da súa pluma atribuídos a autores ficticios. Acaso non é unha delicia exquisita esta recreación apócrifa dun suposto trobador D. Álvaro de Soutomor, que di: “Un clérigo que comía/eno paço noutro día/era estreito de garganta,/e o Daián xe lle dicía:/O que non canta non janta.”

Poema inventado por D. Xosé María, que lembra o cantar de mal-dizer referido ao xograr Lopo dos nosos Cancioneiros medievais e que na súa man acha vida revivida, revisitada alegría.

Sen dúbida, *Canle segredo* é o máis primordial dos libros de Álvarez Blázquez. Tamén o máis versátil. Caben nos poemas a adoración total da natureza sendo o poeta unha simple partícula dese cosmos natural, “Panida”; o amor, que se declara no silencio, “Sin voz”; a emulación gloriosa da Rosalía visionaria que imaxinou Curros, en “Dona”: “Coma un vento, lixeira,/eu ben te vin chegar./Traguías unha estrela/beillándoches a man.”



Achamos, así mesmo, un soneto de petición amorosa, “Naufragio”; unha longa vida cariñosamente partillada, “Cruz de dous”, que se estende en aprezo e louvor, “Maternidade” non exento de sufrimento; onde tamén hai inquietudes de pai en “O neno” e “Meu moneco”.

A segunda parte do volume, “Camiños de sol”, mergúllase no mundo da infancia. Hai poemas desolados, “Aquil neno que fun”. Mais outros onde predomina a comunión coa natureza, ese paraíso insondável cuxa substancia se adelgaza co pasar dos anos e das décadas. Por iso non estraña que o vínculo de unión con ese pasado edénico sexa o papaventos: “Botar unha cometa/era guindar os soños/todos pola fiestra./Era poñer a ialma/por enriba das ponlas/máis ergueitas da fraga.”

Marabilloso poema que acaba coa ligazón vital co universo e co peito do neno que todos fomos: “Era ter -cousa meiga!-/o corazón atado/cun longo fio á terra.”

Seguindo este fio argumental, na terceira parte, “As mágoas”, observamos o irritado alegato contra a iniquidade dos poderosos. Tamén

TODA UNHA ENORME
VARIEDADE DE
REXISTROS, DE
TONALIDADES NA
PALETA DO AUTOR

os nenos poden servir para denunciar as inxustizas dos homes e dos sistemas políticos que consagran a explotación do home polo home, como acontece en “Ise neno da rúa”, magnífico exemplo de acusación social e de berro solidario. Algo que se repite acedamente en “Os importantes”, onde os fillos da ira

desafogan a súa contrición. Na poesía de Álvarez Blázquez hai unidade e constancia, os dous alicerces sobre os que constrúe un discurso coherentemente persoal. Un documento de vida exemplar, de abnegación e traballo, onde o verso encarna o propósito máis nobre: conmover.

A MAIOR FROTA PESQUEIRA PRIVADA DO MUNDO É GALEGA

Para convertirmonos nun dos grupos pesqueiros máis importantes do mundo, en Pescanova apostamos forte polo futuro, aprendendo dos nosos case corenta anos de experiencia. Investindo en Investigación e Desenvolvemento nas áreas dos novos recursos pesqueiros e dos cultivos mariños. Consolidándonos día a día nos países de maior potencial de crecemento. Por todo isto, hoxe Pescanova pode ofrecerlle aos seus clientes a máxima calidade en cada un dos seus produtos e, á súa vez, os seus clientes e accionistas ofrecenlle toda a súa confianza.

PESCANOVA

Lo bueno sale bien